

Valedoría Universitaria

---

Universidade de Vigo

Esther Pillado González

Valedora universitaria

MEMORIA DA ACTUACIÓN DA VALEDORÍA UNIVERSITARIA

**ANO 2021**

## Índice

### **1. Presentación**

- 1.1. Presentación da memoria do ano 2021
- 1.2. A Valedoría Universitaria: marco xeral

### **2. Actuacións da Valedoría Universitaria**

- 2.1. Forma de iniciación, tramitación e tipo de actuación
- 2.2. Expedientes
- 2.3. Consultas

### **3. Recomendacións emitidas**

### **4. Actividade institucional**

- 4.1. No ámbito da Universidade de Vigo
- 4.2. No ámbito internacional, estatal e autonómico
  - 4.2.1. Reunións cos provedores das universidades do norte de Portugal
  - 4.2.2. Actividades da Conferencia Estatal de Defensorías Universitarias (CEDU)
  - 4.2.3. Reunións cos valedores galegos (Reduga)

### **5. Execución de orzamento**

### **6. Comentario e reflexión final**

# 1. Presentación

## 1.1. Presentación da memoria do ano 2021

Coma todos os anos, a Valedoría Universitaria (en adiante, VU), en cumprimento das previsións contidas no artigo 13 f) dos Estatutos da Universidade de Vigo, presenta a memoria das actuacións desenvolvidas ao longo do ano 2021.

Nesta ocasión, a súa estrutura varía fronte a de anos anteriores, ante o convencemento da conveniencia de centrala non só nos datos derivados das distintas actuacións levadas a cabo, senón tamén nas recomendacións que desde a valedoría foron dirixidas a distintos órganos e servizos, e na medida en que estas deron lugar a unha mellora para a comunidade universitaria.

Así, o documento que se presenta divídese en seis apartados: o primeiro, de carácter introdutorio, no que se fai unha aproximación á figura da VU, as súas funcións e a súa forma de actuar; os apartados segundo e terceiro son as partes esenciais da memoria en canto reflicten, respectivamente, a actuación da VU, coa indicación dos expedientes abertos, as consultas atendidas e as mediacións desenvolvidas, e as recomendacións emitidas co seu seguimento. O apartado cuarto recolle a actividade institucional, o quinto a execución do orzamento e o sexto o comentario e a reflexión final.

Coma en anos anteriores, o informe intenta ser conciso e claro co obxecto de dar unha resposta axeitada á obriga de transparencia, facilitando a consulta de toda a actividade desenvolvida por este órgano da universidade. Para acadar ese obxectivo, coidouse o texto e moi especialmente o deseño e a linguaxe visual.

Esta memoria está conformada por datos e unha análise estatística realizada pola VU que fai un estudo destes que pode ser útil para coñecer o grao de conflictividade existente na universidade para os efectos de poder mellorar a convivencia universitaria.

## 1.2. A Valedoría Universitaria: marco xeral

O fundamento da VU é a figura do defensor/a universitario, regulada na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (artigo 46.2.h e disposición adicional 14.a), e a do comisionado/a universitario, na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia (artigo 90).

Pola súa parte, a Universidade de Vigo regula a figura do valedor/a universitario na sección 4.a do capítulo I do título II (artigos 58 a 60) dos Estatutos da Universidade de Vigo (Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro): <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/267>. As disposicións contidas nos Estatutos da Universidade de Vigo foron desenvolvidas polo Regulamento do valedor ou valedora universitaria da Universidade de Vigo, aprobado polo Claustro Universitario o 16/10/2020: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/423>. Ao longo dos seus vinte e sete artigos, este regulamento establece as características propias desde órgano, a forma de elección e de cesamento, o seu estatuto, as súas funcións, a tramitación dos expedientes e o procedemento de mediación; todo co obxectivo de que calquera membro da comunidade

universitaria dispoña da información necesaria para defender os seus dereitos e que, ao mesmo tempo, o valedor/a conte cos medios necesarios para protexelos e defendelos.

Debe terse en conta que, desde a aprobación e a entrada en vigor dos novos Estatutos da Universidade de Vigo, o día 23 de febreiro de 2019, o Tribunal de Garantías deixou de ser un órgano colexiado para converterse nun órgano unipersoal; deste xeito, equipárase ao que é habitual nas universidades españolas. Este cambio non supón ningunha alteración da natureza do órgano encargado de defender os dereitos dos membros da comunidade universitaria nin das súas funcións.

No mesmo sentido ca o Tribunal de Garantías, a actual normativa da VU permite trazar o perfil deste órgano: unha institución de carácter interno que defende os dereitos e os intereses lexítimos de todos os membros da comunidade universitaria. Para completalo e entender a súa peculiar idiosincrasia, cómpre realizar algunhas consideracións adicionais:

- A VU participa dos atributos da figura do *ombudsman* clásico e inspírase no modelo do defensor do pobo español. Isto implica que a VU:
  - Ten plena autonomía e independencia de criterio.
  - Non se suxeita a ningún mandato imperativo (ningunha autoridade académica pode ditalle instrucións).
  - É titular das prerrogativas de inviolabilidade e de inmunidade (non pode ser expedientado nin sancionado polas opinións que formule nin polos actos que realice no exercicio lexítimo das súas funcións).
- Acudir á VU non é incompatible con ningunha instancia interna nin externa á universidade. Todo o contrario: complementa e potencia o funcionamento do sistema mediante a súa contribución, que se caracteriza pola visibilidade, accesibilidade, axilidade e ausencia de formalismos, imparcialidade, confidencialidade, fiabilidade, transparencia e respecto, sen renunciar nin á firmeza nin á determinación.
- Tal e como se indica no artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, de acordo coa súa función de defensa dos dereitos e liberdades dos membros da comunidade universitaria, a VU pode supervisar a actividade da administración universitaria. Iso non implica que a entorpeza nin que lle poña atrancos, senón que tenta contribuír a melloralas. Investiga como funcionan os órganos e os servizos administrativos para detectar atrasos, silencios, arbitrariedades, abusos, irregularidades ou mala fe. Solicita informes (á Asesoría Xurídica ou a outros órganos consultivos ou de xestión) sobre os asuntos que o requiran para a boa marcha da investigación e conta coa preceptiva colaboración dos órganos de goberno e de todos os membros da comunidade universitaria (obrigados a cooperar e a non negarlle o acceso a ningún expediente ou documento relacionado cos asuntos que investigue), media con habilidade e empatía entre as partes, abre opcións ou recomenda cambios e innovacións.
- Para aclarar definitivamente a natureza e as funcións da VU, cómpre definila en negativo; isto é, hai que sinalar o que non é para así contribuír a corraxir certos malentendidos e percepcións erróneas sobre esta figura.

- A VU non é
- **Un órgano xurisdiccional**, que xulga condutas, dita sentenzas, imparte xustiza e decide cal das partes é inocente ou culpable.
  - **Unha xestoría** que coída ou promove asuntos e intereses diversos.
  - **Un avogado/a de oficio** para atender todos os casos que se susciten.
  - **Un órgano disciplinario** con potestade sancionadora.

Ademais de tramitar expedientes, a VU desenvolve outras actividades, como as de mediación e conciliación, resposta de consultas e de peticións de información que implicaron entrevistas telefónicas ou persoais, así como as contestacións escritas que en ocasións levaron a emitir recomendacións e propostas dirixidas a diversas instancias.

Para o axeitado desenvolvemento das súas funcións, a VU conta cunha comisión asesora formada por tres membros, un por cada un dos sectores da comunidade universitaria, que foron elixidos na reunión do Claustro Universitario do 13 de abril de 2021.

## ● Expedientes

Os expedientes foron presentados a través da sede electrónica da Universidade de Vigo, utilizando o formulario que está a disposición dos membros da comunidade universitaria.

Nalgúns casos foi necesaria a emenda da reclamación pola falta de documentación acreditativa da petición; noutros, a persoa reclamante non esgotara todas as instancias administrativas, o que supuxo a non admisión do escrito de reclamación. Finalmente, houbo casos nos que estaba pendente a resolución dun recurso presentado pola persoa interesada, o que deu lugar á suspensión da incoación do expediente.

## ● Consultas

No ano 2021 a maioría das consultas realizáronse por correo electrónico, aínda que tamén se atenderon por teléfono ou en persoa, cando a situación derivada da pandemia o permitiu. Nalgúns casos, deron lugar á posterior presentación dunha reclamación ou dunha queixa e á subseguinte apertura dun expediente.

## ● Entrevistas

A VU mantivo reunións e encontros con membros dos sectores da comunidade universitaria, estudantado, persoal docente e investigador (en adiante PDI) e persoal de administración e servizos (en adiante, PAS), pero tamén co persoal directivo, membros do equipo de goberno, directores ou directoras de centro, decanos ou decanas etc. Algunhas delas tiveron como finalidade principal informar sobre o contido, procedemento e alternativas relacionadas cos asuntos obxecto da reclamación, queixa ou consulta presentadas; outras entrevistas estiveron orientadas a buscar e a activar un procedemento que permitise mediar e xestionar algún conflito; outros encontros, en cambio, só pretendían mellorar a comunicación cos distintos actores que integran o sistema institucional universitario, a fin de acadar unha mellor cooperación, coordinación e información entre as partes.

## ● **Mediación e conciliación**

Son actuacións realizadas tras a petición expresa dun membro ou dun colectivo da comunidade universitaria ou por suxestión da propia VU á vista do tipo de conflito de que se trata. A experiencia dos últimos anos mostra que se prefire unha mediación de carácter informal, afastada do protocolo e do procedemento formalista que se regula no capítulo v do Regulamento do valedor ou valedora universitaria. Os resultados acadados son, de xeito xeral, moi satisfactorios, ao permitir desactivar ou previr conflitos.

## ● **Recomendacións**

Algunhas das reclamacións e das queixas que motivaron a apertura dun expediente, así como algunhas das consultas, levaron asociada outra actuación que resulta moi característica das defensorías universitarias: trátase das recomendacións, propostas ou suxestións coas que se pretende contribuír a corrixir os problemas, erros e disfuncións detectadas no funcionamento ordinario da universidade e que afectan os dereitos dos e das integrantes da comunidade universitaria.

## 2. Actuacións da Valedoría Universitaria

Os asuntos tratados pola VU, que determinaron as actuacións reflectidas nesta memoria, tráense a colación en forma de datos, clasificados en atención aos seguintes criterios: forma de iniciación, tramitación e tipo de actuación. A partir dos datos xerais, analizaranse segundo o campus, o xénero, o colectivo e o tipo de asunto.

Durante este período, recibíronse en ocasións reclamacións e consultas presentadas simultaneamente noutras unidades, servizos e órganos da universidade. Naqueles casos en que no momento da presentación da reclamación non se esgotara a vía preferente, esta non se admitiu a trámite e indicóuselle á persoa reclamante a necesidade de dirixirse previamente ao órgano ou servizo competente para resolvela. En cambio, cando a persoa reclamante presentara unha reclamación ante o servizo ou o órgano competente, suspendeuse a incoación do expediente ata a súa resolución.

### 2.1. Forma de iniciación, tramitación e tipo de actuación

Calquera membro da comunidade universitaria pode acudir ao valedor ou valedora universitaria cando considere que se lesionaron os seus dereitos ou intereses lexítimos pola actuación dos órganos de goberno, autoridades académicas e servizos da Universidade de Vigo, e solicitar a súa intervención, unha vez que se esgotaron as instancias universitaria previstas na lexislación vixente. Ademais, a valedora ou valedor universitario poderá actuar de oficio cando teña coñecemento dun asunto no que concorran as circunstancias anteriores.

A forma de iniciación habitual é a través dun escrito de reclamación que, unha vez estudado, se admitirá a trámite ou se rexeitará, no caso de que se refira a asuntos que estean sometidos a instancias xudiciais, pendentes da resolución dun expediente disciplinario e nos que non se esgotasen as instancias previstas na normativa aplicable; suspenderase a tramitación da reclamación cando estea pendente a resolución dunha queixa ou recurso previos presentados nos órganos previstos na lexislación universitaria.

No ano 2021, presentáronse na Valedoría Universitaria 27 escritos de reclamación que deron lugar á apertura do correspondente expediente, e abríronse dous expedientes de oficio. Unha vez estudada a documentación presentada, comunicóuselles ás persoas interesadas a non admisión a trámite de dous escritos de reclamación por non esgotar as instancias previas nun dos casos, e por referirse a unha actuación anterior da VU na que actuou no exercicio das competencias propias e de conformidade coa lexislación aplicable, no outro.

Polo que respecta á suspensión de actuacións, corresponden a reclamacións nas que as persoas interesadas presentaron unha queixa previa nos órganos previstos na lexislación universitaria que estaba pendente de contestación. Suspendeuse a incoación de seis reclamacións que foron presentadas por membros do PDI (3) e polo estudiantado (3), das cales, unha vez recibida a contestación pendente, en dous dos casos as persoas reclamantes comunicáronlle á valedoría o seu interese na tramitación da reclamación, polo que se incoaron os respectivos expedientes.

Ademais dos escritos de reclamación, os membros da comunidade universitaria realizan consultas para solicitar orientación ou asesoramento en relación coa actuación dos órganos,



autoridades e servizos da universidade. No ano 2021 recibíronse 52 consultas. Esta actuación é máis áxil, en canto trata de resolver situacións conflitivas de xeito informal.

No ano 2021, o número de expedientes tramitados aumentou lixeiramente en relación co ano anterior e as consultas baixaron.

### Expedientes tramitados

Ano	Número de expedientes tramitados
2011	25
2012	58
2013	66
2014	55
2015	50
2016	25
2017	36
2018	33
2019	23
2020	24
2021	29

### Consultas presentadas

Ano	Número de consultas presentadas
2019	15
2020	62
2021	52

## Táboa xeral de actuacións

COLECTIVO	ASUNTO	EXPEDIENTES	CONSULTAS	TOTAIS
Estudantado	Acceso a grao	0	1	1
	Acreditación de idiomas	0	1	1
	Apoio educativo a persoas con diversidade funcional	1	0	1
	Avaliación en grao	5	6	11
	Avaliación por compensación	3	2	5
	Axudas covid-19	1	0	1
	Bolsas MEC	0	1	1
	Complementos formativos	0	1	1
	Comportamento de profesorado	0	1	1
	Dereitos de sufraxio no Programa de maiores	1	0	1
	Docencia en grao	1	1	2
	Erasmus: ampliación de estadía	0	2	2
	Exames	0	5	5
	Expediente disciplinario	0	1	1
	Expedición de títulos	1	0	1
	Información de procesos	0	1	1
	Matrícula	1	7	8
	Planos de estudo en extinción	1	0	1
	Prácticas	0	1	1
	Programa de maiores	0	1	1
	Proxecto de fin de carreira	0	1	1
	Revisión de exames	0	1	1
	Traballo de fin de estudos	1	1	2
	Traballo de fin de grao	0	2	2
	Traballo de fin de mestrado	2	1	3
	Trámites administrativos	0	1	1
Vulneración de dereitos	0	1	1	
<b>TOTAL DE ESTUDANTES</b>		<b>18</b>	<b>40</b>	<b>58</b>
PDI	Prazos de preinscrición e de matrícula nun mestrado	0	1	1
	Amparo pola publicación dun artigo	1	0	1
	Aplicación do <i>turniting</i>	0	1	1
	Avaliación en grao	0	1	1
	Conciliación da vida laboral e familiar	2	1	3
	Exames	0	1	1
	Información de procesos	0	1	1
	Listaxes de agarda	0	0	0
	Quinquenios	1	0	1
	Resolución de concurso	3	2	5
	Traballo de fin de mestrado	0	1	1
	Tramitación de queixa QSP	1	0	1
	Valoración de concurso	0	1	1
<b>TOTAL DE PDI</b>		<b>8</b>	<b>10</b>	<b>18</b>
PAS	Infracción do ordenamento xurídico	1	0	1
	Proceso selectivo de promoción interna	1	0	1
	Aplicación da normativa das comisións de servizo	0	1	1
	Convivencia	1	0	1
	Uso de instalacións	0	1	1
<b>TOTAL DE PAS</b>		<b>3</b>	<b>2</b>	<b>5</b>
<b>TOTAL DE ACTUACIÓNS</b>		<b>29</b>	<b>52</b>	<b>81</b>

## Táboas de expedientes e de consultas

A continuación preséntanse o total dos datos sobre os expedientes e as consultas segundo o campus nos que foron presentados, o xénero e o colectivo da comunidade universitaria que o remitiu.

Expedientes e consultas recibidos dos tres campus da Universidade de Vigo.

Campus	
Vigo	58
Ourense	12
Pontevedra	11
<b>Total</b>	<b>81</b>

Como é habitual, o maior número de actuacións corresponde ao campus de Vigo.

Expedientes e consultas por xénero

Xénero	
Homes	48
Mulleres	29
Mixto	4
<b>Total</b>	<b>81</b>

Na división por xénero, durante o ano 2021 apréciase un número maior de reclamacións e de consultas instado polo colectivo masculino ca polo feminino.


## Expedientes e consultas segundo o sector da comunidade universitaria

<b>Sector</b>	
<b>Estudantes</b>	<b>59</b>
<b>PDI</b>	<b>18</b>
<b>PAS</b>	<b>4</b>
<b>Total</b>	<b>81</b>

Polo que respecta á distribución por sectores, a maioría das actuacións refírense ao estudiantado, seguido a bastante distancia polo PDI e polo PAS.


## 2.2. Expedientes

Expedientes por campus




O total de expedientes tramitados foi de 29, procedentes na súa maioría do campus de Vigo (76 %), seguidos dos de Pontevedra e Ourense, nunha porcentaxe moi similar (14 % e 10 %, respectivamente)

Expedientes por xénero



En relación co xénero das persoas que presentaron unha queixa, o número de expedientes instados polo sector masculino representa o dobre dos presentados polo feminino, o que contrasta con anos anteriores nos que se apreciaba un número similar.

### Expedientes por colectivo



No gráfico por colectivos, obsérvase unha maior porcentaxe do presentado polo colectivo do estudiantado, seguido polo do PDI e a máis distancia o do PAS.

### Expedientes por asunto



As queixas do estudiantado centráronse maioritariamente en cuestións relativas á avaliación de materias de titulacións de grao (5), avaliación por compensación (3) e traballo fin de mestrado (2). As restantes refírense ao atraso na recepción dun diploma debido a causas informáticas, á avaliación dun proxecto de fin de carreira dun título propio, ao dereito de sufraxio das persoas do Programa de maiores, á extinción de titulacións, á convocatoria de axudas ao estudo por

parte da universidade, a problemas coa renovación da matrícula, ás incidencias no proceso de revisión de materias e ao apoio educativo a persoas con diversidade funcional.

Dentro da temática dos expediente tramitados, faise unha especial mención dos relacionados co estudantado pertencente aos centros adscritos á Universidade de Vigo, xa que os actuais estatutos, no seu artigo 63, establecen que «Os alumnos e alumnas dos centros adscritos terán os dereitos que lles recoñezan os convenios de adscrición».

A temática relativa ás queixas en relación con este estudantado refírese a:

- Exclusión do estudantado de centros adscritos das axudas ao estudo (de oficio).
- Denegación de atención de necesidades específicas de apoio educativo a persoas con diversidade funcional.
- Avaliación: non superación da materia por problemas derivados de enfermidade.
- Avaliación: forma de contestación nun exame tipo test.

As queixas do PDI céntranse no atraso na resolución dos concursos de profesorado contratado, na conciliación da vida laboral e familiar pola denegación de cambios no horario de materias, nas bases da convocatoria de avaliación da actividade docente (quinquenios) da Universidade de Vigo, no procedemento para a tramitación das queixas QSP e na solicitude de amparo polo contido dunha publicación na prensa.

As queixas do PAS refírense á solicitude de amparo por infracción do ordenamento xurídico e por discriminación polo posto de traballo que se desenvolve, a incidencias acontecidas na tramitación dun proceso selectivo de promoción interna e á utilización de medios institucionais fóra dos valores e principios propios da universidade.


### **2.3 Consultas**

Na VU recíbense consultas dos membros da comunidade universitaria solicitando o asesoramento e a orientación co obxecto de aclarar dúbidas sobre os procedementos administrativos e sobre os órganos/servizos concretos onde teñen que dirixirse, así como para detectar situacións nas que podería estar incumpríndose unha norma de obrigado cumprimento pola universidade.

Unha das actuacións máis habituais derivadas das consultas supón que desde a valedoría nos poñamos en contacto coas unidades responsables da tramitación dos procedementos para solicitar a súa colaboración e buscar unha solución áxil que satisfaga as persoas implicadas.


No ano 2021 recibíronse un total de 52 consultas.

### Consultas por campus



Desde o campus de Vigo recibíronse 36 consultas (69 %), 9 do campus de Ourense (17 %) e 7 do campus de Pontevedra (14 %).


### Consultas por xénero



Na división por xénero, o número de consultas presentadas polo colectivo masculino é de 30 (58 %), fronte ao do feminino 20 (38 %), e 2 (4 %) que corresponde ás consultas efectuadas por ambos os xéneros.



### Consultas por colectivo



As consultas remitidas polo estudiantado foron 40 (77 %), seguidas das do PDI 10 (19 %) e do PAS 2 (4 %)

### Consultas por asunto



Do total das consultas efectuadas, nove deron lugar á apertura dun expediente, previa a presentación da reclamación formal por escrito pola persoa interesada

### 3. Recomendacións emitidas

No ano 2021 ditáronse 22 recomendacións que derivaron de expedientes iniciados tanto a instancia de parte coma de oficio, dirixidas aos órganos de goberno e a outros órganos e servizos da comunidade universitaria.

A emisión de recomendacións é unha función fundamental da VU, en canto trata de establecer pautas de futuro co obxecto de mellorar a prestación dos servizos propios da universidade.

#### **Recomendación 2021/1**

Expediente: 5/21

Órgano ao que se dirixe: comisión académica do Mestrado universitario en avogacía.

Sobre a mellora na presentación do TFM do alumnado do mestrado.

Atendida.

#### **Recomendación 2021/2**

Expediente: 7/21

Servizo ao que se dirixe: Servizo de Xestión de Estudos de Grao.

Sobre a matrícula en plans de estudo en proceso de extinción de materias non matriculadas con anterioridade.

Esta recomendación está en proceso de estudo por parte dos órganos e servizos competentes na materia.

#### **Recomendación 2021/3**

Expediente: 7/21

Órgano ao que se dirixe: decanato da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

Sobre a accesibilidade da información relativa ás táboas de recoñecemento entre titulacións.

Atendida.

#### **Recomendación 2021/4**

Expediente: de oficio 11/21

Órgano ao que se dirixe: Vicerreitoría de Captación de Estudantes, Alumnado e Extensión Universitaria.

Sobre a inclusión do alumnado dos centros adscritos de titularidade pública nos que se imparten titulacións non ofertadas polos centros propios da universidade no ámbito de aplicación das axudas da universidade que lles permitan afrontar unha situación excepcional.

Atendida.

#### **Recomendación 2021/5**

Expediente: 8/21

Órgano ao que se dirixe: Secretaría Xeral.

Modificación do Regulamento do sistema de queixas, suxestións e parabéns da Universidade de Vigo coa expresa inclusión da audiencia á persoa directamente afectada pola queixa cando esta estea claramente identificada.

Atendida. Foron modificados os artigos 4.3, 10.4 e 13 do Regulamento do sistema de queixas, suxestións e parabéns no consello de goberno do 28 de xullo de 2022.

### **Recomendación 2021/6**

Expediente: 6/21

Órgano ao que se dirixe: Reitoría.

Sobre a necesidade de dar reposta a todas as pretensións formuladas pola persoa interesada nun recurso de alzada, en coherencia co deber de congruencia previsto na Lei 39/2015 e dentro do contexto do dereito a unha boa administración.

Recomendación xeral que non precisa dunha actuación ou resposta específica, pero si dun seguimento por parte da VU.

### **Recomendación 2021/7**

Expediente: 6/21

Órgano ao que se dirixe: Xerencia.

Conveniencia de reconsiderar o contido do acordo para o nomeamento provisional do persoal de administración e servizos funcionario nun grupo ou subgrupo superior, do 23 de outubro de 2018, á vista das novas circunstancias, e sempre tendo en conta tanto as necesidades do servizo que se presta pola universidade coma a situación actual da súa estrutura administrativa, e a existencia de persoal pertencente ao grupo de titulación A2 para cubrir os postos reservados a persoal do citado grupo.

En proceso de estudo.

### **Recomendación 2021/8**

Expediente: 6/21

Órgano ao que se dirixe: Xerencia/Xunta de Persoal.

Sobre a publicidade da motivación dos acordos adoptados dentro da súa competencia.

Recomendación xeral que non precisa unha resposta específica, pero si dun seguimento por parte da VU.

### **Recomendación 2021/9**

Expediente: 10/21

Órgano ao que se dirixe: Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado.

Sobre a necesidade de convocar a Comisión de Reclamacións de Prazas de Profesorado Contratado sempre que se remita a documentación relativa a unha praza reclamada por parte do Servizo de Persoal Docente e Investigador e, en todo caso, unha vez cada trimestre. Ademais, a posibilidade de delegar no seu presidente a solicitude de remisión dun novo informe á comisión específica de área (CEA) sobre a reclamación presentada nos casos en que

non se emita este no prazo previamente concedido, ou cando o informe emitido non dea unha completa resposta a todas as cuestións formuladas pola propia Comisión de Reclamacións de Prazas de Profesorado Contratado.

Atendida.

### **Recomendación 2021/10**

Expediente: 10/21

Órgano ao que se dirixe: Servizo de Persoal Docente e Investigador.

Inclusión na Guía de actuación das CEA dunha referencia á necesidade de que os seus membros actúen coa dilixencia debida para os efectos de evitar atrasos na tramitación do procedemento, á vista dos prexuízos que se poden derivar tanto para a organización da docencia polo departamento coma para o estudantado.

En proceso.

### **Recomendación 2021/11**

Expediente: 12/21

Órgano ao que se dirixe: Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación.

Sobre a adopción das medidas oportunas para a defensa da reputación da universidade e da actuación do seu persoal.

Recomendación xeral que non precisa unha resposta específica.

### **Recomendación 2021/12**

Expediente: 15/21

Órgano ao que se dirixe: Secretaría Xeral.

Sobre a adopción das medidas oportunas conducentes á inclusión no expediente da persoa que reclama do apto por compensación na materia Xestión de produtos e servizos ao cliente do Grao en Enxeñaría en Organización Industrial.

Non precisou resposta debido á superación da materia por parte do estudantado afectado.

### **Recomendación 2021/13**

Expediente: 18/21

Órgano ao que se dirixe: Secretaría Xeral.

Sobre a adopción das medidas oportunas que conduzan á inclusión no expediente da persoa que reclama do apto por compensación na materia Sistemas e tecnoloxías de fabricación do Grao en Enxeñaría en Organización Industrial.

Non precisou resposta debido a que desde a dirección do centro comunican que a comisión de avaliación emitiu un informe favorable ao apto por compensación da materia.

### **Recomendación 2021/14**

Expediente: 17/21

Órgano ao que se dirixe: comisión académica do Mestrado universitario en avogacía do campus de Vigo.

Sobre a aprobación dun calendario de elaboración do TFM onde se pauten os tempos das distintas actuacións que supoñen o desenvolvemento deste, e que permita non só garantir unha axeitada comunicación entre a persoa que asume a titoría do TFM e o alumnado, senón que, ademais, facilite a adopción de medidas correctoras por parte da coordinación ante o posible incumprimento das citadas actuacións previstas nos prazos fixados no citado calendario.

Atendida.

### **Recomendación 2021/15**

Expediente: 20/21

Órgano ao que se dirixe: dirección da Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense.

Sobre a nova corrección dun exame de tipo test que non foi avaliado por defectos formais.

Non precisou resposta debido a que desde a dirección do centro emitiron unha resolución favorable e a persoa interesada desistiu da continuación do expediente.

### **Recomendación 2021/16**

Expediente: 21/21

Órgano ao que se dirixe: Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación/Delegada da Universidade na Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense.

Sobre a adopción das medidas oportunas para que os centros adscritos, que non poden ser beneficiarios do Programa PIUNE, poidan dar apoio educativo ás persoas con necesidades especiais e, dese xeito, garantir a igualdade de oportunidades do alumnado.

Atendida.

### **Recomendación 2021/17**

Expediente: 21/21

Órgano ao que se dirixe: dirección da Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense.

Sobre a necesidade de determinar a persoa responsable de atención ao estudantado con necesidades educativas especiais, que debe contar co asesoramento puntual da Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación e co apoio da delegada da universidade no centro adscrito.

Atendida.

### **Recomendación 2021/18**

Expediente: 22/21

Órgano ao que se dirixe: profesorado responsable da materia.

Sobre a indicación de pautas específicas para realizar un traballo a estudantado con necesidades específicas de apoio educativo.

Atendida, pese a que a persoa interesada rexeitou as pautas establecidas.

### **Recomendación 2021/19**

Expediente: 25-26/21

Órgano ao que se dirixe: decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Sobre a inclusión na normativa interna de elaboración de horarios do centro, dun criterio que permita ter en conta as necesidades do profesorado que teña ao seu cargo menores, maiores ou persoas con algunha discapacidade, para os efectos de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar.

En proceso de estudo.

### **Recomendación 2021/20**

Expediente: 25-26/21

Órgano ao que se dirixe: decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Sobre a revisión do Regulamento de réxime interno do centro co obxecto de adaptalo á normativa vixente e, entre outras cuestións, incorporar no articulado as disposicións que sexan necesarias para garantir a transparencia da actuación dos seus órganos colexiados.

En proceso de estudo.

### **Recomendación 2021/21**

Expediente: 25-26/21

Órgano ao que se dirixe: Reitoría.

Aprobación dunha normativa que regule o dereito de conciliación da vida laboral e familiar tanto do PDI coma do PAS que desenvolva as previsións contidas nos artigos 78.h) e 95.i) dos Estatutos da Universidade de Vigo.

En proceso de estudo.

### **Recomendación 2021/22**

Expediente: de oficio 29/21

Órgano ao que se dirixe: Reitoría.

Apertura dunha información reservada para os efectos de clarexar a conveniencia de proceder disciplinariamente contra un membro da comunidade universitaria que utiliza o correo institucional para emitir comentarios referidos á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo que parecen non encaixar cos valores e principios propios da universidade.

Desde a secretaría do reitor, informan que este tema se tratou no Consello de Goberno, o que se considerou suficiente. Sen máis actuacións.

NÚM. DE RECOMENDACIÓN	ÓRGANO/SERVIZO AO QUE SE DIRIXE	RESPOSTA
2021/1	Mestrado universitario en avogacía	Atendida
2021/2	Servizo de Xestión de Estudos de Grao	En proceso
2021/3	Decanato da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	Atendida
2021/4	Vicerreitoría de Captación de Estudantes, Alumnado e Extensión Universitaria	Atendida
2021/5	Secretaría Xeral	Atendida
2021/6	Reitoría	Non precisa dunha actuación ou resposta específica
2021/7	Xerencia	En proceso de estudo
2021/8	Xerencia/Xunta de Persoal	Non precisa dunha actuación ou resposta específica
2021/9	Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado	Atendida
2021/10	Servizo de PDI	En proceso
2021/11	Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación	Non precisa dunha resposta específica
2021/12	Secretaría Xeral	Non precisou dunha resposta debido á superación da materia polo estudantado afectado
2021/13	Secretaría Xeral	Non precisou dunha resposta pola concesión do apto por compensación
2021/14	Mestrado universitario en avogacía	Atendida
2021/15	Dirección da Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense	Atendida
2021/16	Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación/Delegada da universidade na Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense	Atendida
2021/17	Dirección da Escola Universitaria de Enfermaría de Ourense	Atendida
2021/18	Profesorado responsable da materia	Atendida
2021/19	Decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	En proceso
2021/20	Decanato da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	En proceso
2021/21	Reitoría	En proceso
2021/22	Reitoría	Atendida

## 4. Actividade institucional

### 4.1. No ámbito da Universidade de Vigo

Acto de homenaxe ao persoal xubilado 2018-2020 (18/05/2021)

### 4.2. No ámbito internacional, estatal e autonómico

#### 4.2.1. Reunións cos provedores das universidades do norte de Portugal

Debido ás condicións da pandemia, non foi posible realizar a reunión entre os valedores do SUG e os provedores das universidades do norte de Portugal.

#### 4.2.2. Actividades da Conferencia Estatal de Defensorías Universitarias (CEDU)

XXIII Encuentro Estatal de Defensores Universitarios, organizado en Cádiz do 10 ao 12 de novembro do ano 2021:

- Relatorio «La mediación en el Defensor del Pueblo Andaluz», na que actuou coa coordinadora a valedora universitaria.
- Relatorio «El respeto mutuo en la gestión de las reclamaciones: marco jurídico»
- Relatorio «Retos y posibilidades de la nueva presencialidad»

#### 4.2.3. Reunións cos valedores galegos (Reduga)

Apertura do curso académico 2021/2022 na Universidade da Coruña: reunión cos valedores das universidades de Santiago de Compostela e da Coruña.



## 5. Execución do orzamento

<i>Orgánica: 00VU Valedoría Universitaria - Funcional: 421S</i>							
Artigo	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Artigo	Gastos
			<b>CAP. II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS</b>				
<b>22</b>			<b>Material subministración e outros</b>			<b>8.000 €</b>	<b>1.334,35 €</b>
	226		Gastos diversos				1.334,35 €
		22601	Atencións protocolarias				80,01 €
		226.06	Gastos conferencias				608,26 €
		226.09	Cotas de organismos				225,00 €
		226.99	Outros gastos				421,08 €
<b>23</b>			<b>Indemnización por razón de servizos</b>			<b>4.000 €</b>	<b>361,74 €</b>
	230		Axudas de custo e locomoción				161,74 €
	233		Outras indemnizacións				200,00 €
			Total capítulo II			12.000 €	1.696,09 €
			<b>TOTAL CRÉDITOS</b>			<b>12.000 €</b>	<b>1.696,09 €</b>
			<b>REMANENTE</b>				<b>10.303,91 €</b>

## 6. Comentario e reflexión final

No ano 2021 o número de expedientes tramitados con respecto ao ano anterior foi sensiblemente superior (29 en 2021, 24 en 2020).



O aumento no número de expedientes incoados contrasta coa lixeira diminución das consultas presentadas (52 en 2021, 62 en 2020). Este cambio parece vir condicionado pola paulatina transición cara á normalidade que se foi producindo ao longo do ano 2021 pola superación da situación de pandemia, en canto a recuperación da presencialidade permitiu a volta á utilización das canles de comunicación habituais para a presentación de reclamacións e queixas.

Coma en anos anteriores, a maioría dos expedientes refírense ao estudiantado (62 %), seguido a bastante distancia polo profesorado (28 %) e polo PAS (10 %). Outro tanto acontece coas consultas, das que o 77 % proceden do estudiantado, o 19 % corresponden ao profesorado, mentres que as do PAS só representan un 4 % do total das recibidas.

Tamén na distribución por campus, mantense un comportamento parecido ao de anos anteriores, cun claro predominio de expedientes tratados no campus de Vigo (76 %), seguido a bastante distancia polos campus de Pontevedra (14 %) e de Ourense (10 %). Algo similar acontece coas consultas recibidas: as do campus de Vigo supoñen un 69 %, seguidas polas procedentes dos campus de Ourense (17 %) e de Pontevedra (14 %).

Na división por xénero apréciase un cambio significativo na presentación tanto de reclamacións coma de consultas; así, os expedientes instados polo colectivo masculino supón un 62 % do total, o feminino un 31 % e o 7 % restante corresponde a reclamacións feitas conxuntamente por persoas de ambos os sexos. No que respecta ás consultas, xa no ano 2020 detectouse un aumento das presentadas polo colectivo masculino que representou o 60 %, fronte ao do feminino, que foi o 37 % e o 3 % que resta correspondeu ás consultas efectuadas por ambos os sexos. No ano 2021 os datos son similares, en canto que as consultas presentadas polo colectivo masculino superan as que proceden do feminino (58 % fronte ao 38 %), mentres que as presentadas por ambos os sexos supoñen o 4 % restante. Non é fácil

coñecer as razón que levan a este cambio e aínda é prematuro falar dunha tendencia, polo que parece máis prudente esperar aos datos do ano 2022 para saber se foi algo puntual.

Como é habitual, os principais motivos que levaron a abrir expedientes no sector do estudantado están relacionados con reclamacións relativas á avaliación de materias en titulacións de grao, á avaliación por compensación e a traballos de fin de mestrado. Por ese motivo é de grande importancia a aprobación da normativa sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado, que está agora pendente de aprobación no Claustro Universitario, para dar unha axeitada resposta ás necesidades do estudantado, sen esquecer as esixencias dunha docencia de calidade.

Ao longo do ano 2021 foron varias as reclamacións presentadas polo estudantado de centros adscritos; ao respecto, e tendo en conta que, de acordo co artigo 63 dos Estatutos da Universidade de Vigo, os alumnos e alumnas dos centros adscritos terán os dereitos que lles recoñezan os convenios de adscrición, é necesario revisar os citados convenios, en gran parte obsoletos, para adaptalos á normativa vixente e, deste xeito, garantir os dereitos deste estudantado.

Polo que respecta ao sector do PDI, destacan as reclamacións relativas á conciliación da vida laboral e familiar pola denegación de cambios no horario de materias. Ao respecto é preciso o desenvolvemento dos artigos 78.h), 95.i) e 64.k) dos Estatutos da Universidade de Vigo, relativos ao dereito de conciliación da vida laboral e familiar do PDI, do PAS e do estudantado, co obxectivo de acadar unha universidade máis igualitaria.

En relación co PAS, destaca o expediente aberto de oficio pola utilización de medios institucionais á marxe dos valores e principios propios da universidade, que deu lugar a que o tema fose debatido no Consello de Goberno.

Outra actuación con especial incidencia no ano 2021 é a relacionada coas **recomendacións e propostas formuladas**, que derivan tanto das reclamacións ou das queixas presentadas coma das consultas recibidas na VU. Centráronse en cuestións que teñen moita incidencia no día a día da nosa comunidade relativas tanto ao estudantado coma ao PDI e ao PAS. Para coñecer o grao de cumprimento das recomendacións, a VU fixo un seguimento delas, como se reflicte nesta memoria; con carácter xeral pode dicirse que a maioría foron atendidas polos órganos académicos aos que se dirixiron e outras están aínda en proceso de estudo. Especialmente relevante foi a modificación dos artigos 4.3, 10.4 e 13 do Regulamento do sistema de queixas, suxestións e parabéns da Universidade de Vigo, que supuxo a inclusión da audiencia á persoa directamente afectada pola queixa cando estea identificada.

A maiores, tal como xa se sinalou nas memorias precedentes, é necesario seguir avanzando na implementación na nosa universidade dunha auténtica administración electrónica que facilite o traballo diario de todo o persoal, tanto docente e investigador coma de administración e servizos, e tamén do alumnado, que unifique e simplifique os procedementos administrativos existentes.

Aproveito tamén para evidenciar que, cada vez con maior frecuencia, teñen lugar incidencias relacionadas coa saúde mental dos membros da comunidade universitaria; a este respecto, é necesaria a coordinación entre as distintas unidades con competencias nesta materia para dar unha resposta axeitada que apoie as persoas que se atopan nesta situación.

Debe apuntarse tamén a grande oportunidade que se presenta ante a necesidade de desenvolver a Lei de convivencia universitaria, e nese sentido estase a traballar pola comisión designada polo Claustro Universitario. Un aspecto relevante é a creación da comisión de convivencia e a delimitación das súas competencias, tendo en conta tamén o papel da valedoría na procura de espazos de concordia, sempre dentro do respecto e da protección a todas as persoas, en especial as máis vulnerables.

Non quero rematar esta memoria sen amosar o meu agradecemento á Belén Priego, secretaria da Valedoría Universitaria, apoio imprescindible para o funcionamento deste órgano. De xeito máis xeral quero tamén mostrar a miña gratitude pola atención recibida por parte dos/as integrantes da comunidade universitaria que responderon a algún requirimento ou petición de información, por teléfono ou por correo electrónico, e tamén aos/as que mantiveron reunións e encontros coa valedora universitaria.

**VALEDORÍA UNIVERSITARIA**  
Edificio Filomena Dato, 2.º andar  
As Lagoas, Marcosende, s/n  
36310 Vigo  
 986 813 829 / 986 813 830  
[secvaledora@uvigo.es](mailto:secvaledora@uvigo.es)  
[www.uvigo.gal](http://www.uvigo.gal)